




MONTES DO OLEIRÓN

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2024



Distancia: 10 km (ida e volta)
Dificultade: baixa

Os montes do Oleirón son unha pequena aliñación con dirección norte-sur, que se estende, entre o rego de Santa Cecilia e o río Sarela de Rois, polo concello de Rois na súa maior parte aínda que as abas do leste, ao norte do cume principal, pertencen ao concello de Brión.

A pesares de que a súa altitude non é moita, a súa situación na beira oeste da Depresión Meridiana e a forte inclinación das súas pendentes, maiormente as da cara do leste, permite que desde o alto poidamos gozar de panorámicas da contorna que abranguen o val do río Sar entre Santiago e Padrón, dos montes que o rodean e de máis alá –o Pico Sacro, montes de Carcacía, o monte Xesteiras, o Xiabre e até os montes do Morrazo - polo leste e o sur-, e a Muralla e o Iroite polo oeste.





PERCORRIDO

Achegarse é doado desde a estrada de Santiago a Noia. Entre Os Ánxeles e Urdilde, no concello de Rois, atópase á esquerda da estrada o lugar de **Macedos** cara o que temos que desviarnos, e, sen entrar na localidade, seguimos unha estradiña, cunhas fortes curvas ao comezo, que nos conduce ao alto da serra, e ao camiño que a percorre, case xusto na súa metade e entre os dous cumes principais. Deixamos o coche e podemos comezar a camiñar cara ao norte ou cara ao sur.

Se imos cara ao norte, ao pouco de botar a andar, veremos á dereita do camiño, no medio dunha toxeira mesta que pon moi difícil achegarse alí, o vértice xeodésico que sinala o cumo de **Santa Cecilia**, a altura principal (494 m), e un pouco máis adiante un desvío á dereita polo que podemos achegarnos a un espazo no que hai un grupo de rochas cunhas características moi particulares e que ademais é un fermoso punto para gozar das panorámicas. De volta no camiño principal o resto do traxecto ofrece pouco interese a non ser a posibilidade de achegarse a outros puntos de vista ou de dar un longo paseo ate o **Rechán da Pena**.

Se imos cara ao sur tamén atopamos enseguida un desvío á dereita que, nun cento de metros, nos leva ao cumo das **Antas**, dunha altura parella ao de santa Cecilia, coroado por unha caseta de vixilancia, desde onde temos panorámicas de 360º graos de toda a contorna. O resto do percorrido case todo en baixada permítenos ir vendo outros detalles: grupos de rochas e espazos plantados de piñeiros e eucaliptos, salgueiros novos á beira das zonas húmidas e outras especies do mato e herbas propias da contorna, para rematar subindo ao **coto da Cabana** o cumo de máis ao sur (412 m).

Se facemos o percorrido completo, ida e volta, camiñaremos uns 10 km, mais se nos conformamos cun achegamento ao espazo e gozar das vistas desde os dous puntos máis destacados andamos arredor de 2 km.

Non é un sitio para ir moi cedo porque a posición do sol, no leste, interfere nas vistas.



Vista xeral da aba leste dos Montes do Oleirón



Rochas no punto panorámico ao pé de Santa Cecilia.



Val do Sar e, ao fondo, Santiago



Vista cara ao Pico Sacro desde o Oleirón



Val do río Sarela de Brión.
Ao fondo O Pedregal e a Muralla



Rochas no Cravadoiro



Cume das Antas



Coto da Cabana, o de máis ao sur
dos montes do Oleirón

Vista desde o cume das Antas:
O Pedregal, A Muralla e A Barbanza





Pegmatita con grandes cristais de feldespato



A maior parte das rochas que se atopan no Oleirón son os neises glandulares.



Liques

A Depresión Meridiana entre os montes do Oleirón e os montes de Padrón
A Depresión Meridiana está formada por varias foxas tectónicas de dirección N-S, que vai aproximadamente desde Carballo ata o río Miño ao longo de máis de 200 km. Orixínouse no Herciniano orixe pola intensa fracturación que sufriu o relevo galego. Por ela discorren importantes vías de comunicación.

